

# A Galicia imaxinada en Cuba por Ángel Lázaro no seu poemario en galego *Lonxe*

MARÍA ARÁNZAZU FERNÁNDEZ CRESPO

Universidade da Habana, Cuba

En 1955, a imprenta La Raza, de Madrid, publica un pequeno libro de poesías en galego titulado *Lonxe*, escrito polo poeta, dramaturgo e xornalista Ángel Lázaro. Hoxe en día este escritor é practicamente descoñecido, non sendo por algúns investigadores, sempre poucos, que esporadicamente o teñen reivindicado. O precursor destes –permítaseme esta licenza poética– defensores da memoria histórica foi Dámaso Chicharro Chamorro (Granada, 1975), quen en vida aínda do autor, escribiu unha interesantísima tese sobre o seu teatro. Pero o máis apaixonado foi sen dúbida José Amor y Vázquez (Oxford, 1997), quen neste mesmo foro propuxo a recuperación da súa esquecida figura coa seguinte proposta:

Primero recoger la obra lazariana todavía dispersa para mejor calibrar su envergadura; después preparar una edición de las obras completas (Amor y Vázquez: 227).

Por desgraza, a data do centenario do seu natalicio, o ano 2000, alá quedou e a proposta de Amor y Vázquez non se deu cumprido. Se cadra sexa tempo agora de retomala. Por iso este traballo pretende humildemente dar un paso máis nesa recuperación.

O primeiro que cómpre facer é explicar sucintamente quen era Ángel Lázaro. Naceu en 1900, en Ourense, fillo dunha cubana e un militar rioxano que decidiron, tras a independencia de Cuba, asentarse en Galicia. Aquí naceu o seu último fillo e aquí medrou e viviu até 1914, cando embarcou, canda milleiros de galegos, rumbo á grande illa antillana, da que tanto sentira falar, reclamado polo seu irmán máis vello. En Cuba educouse, cultivouse e naceu á vida literaria, traballou na prensa, compartiu

faladoiro e ideario cos rebuldeiros mozos do *grupo minorista*, e veu publicadas as súas primeiras obras poéticas. En 1923, casado e ben preparado intelectualmente, seguiu rumbo á conquista cultural de Madrid. Durante os dez anos seguintes, acadou sona e prestixio na España pre-republicana, como dramaturgo (estreando varias obras en Madrid, A Coruña e Barcelona), como poeta (publicando tres poemarios) e tamén como xornalista, cronista e colaborador literario de varias publicacións. Neste ambiente foi onde coñeceu e trabou fonda amizade cos irmáns Machado, e participou da vida intelectual da cidade entre a prestixiosa xeración do 98 e a incipiente do 27, mais sen se implicar esteticamente en ningunha delas.

A guerra civil española sorprendeuno en Barcelona, durante a estrea dunha obra súa, *Imagineros* (Habana, 1958)<sup>1</sup>, e púxose inmediatamente ao servizo do goberno da República; por servir o goberno lexítimo desembarcou máis unha vez, en xaneiro de 1937, na cidade da Habana, en misión propagandística e de axuda aos milicianos. O seu labor como defensor da causa republicana foi inxente e continuo, incluída unha viaxe a Porto Rico na segunda metade de 1938, co adaxio de dar unhas conferencias no Ateneo deste país veciño. Cando os falanxistas gañaron a guerra, Ángel Lázaro, como moitos outros intelectuais espallados polo mundo en prol da causa republicana, quedou «atrapado», exiliado, imposibilitado de regresar á Península. Foi a separación da súa terra máis delongada de toda a súa vida, case vinte anos. Tivo que esperar ao outono de 1953, para decidirse a visitar de novo Galicia, e España, e posteriormente, en 1958, retornar definitivamente. Morreu en Madrid, en 1985, bastante esquecido da escena pública.

Pero volvamos a Cuba. Desde que retornou á illa, en xaneiro de 1937, acollérono con naturalidade e respecto dentro do panorama cultural. Como colaborador distinguido entre a prensa cubana foi un dos máis fértiles e lonxevos no escaso grupo de exiliados que aquí abeiraron desde o inicio da guerra civil española; e tamén foi un dos máis frecuentemente aludidos polo seu interesante e continuo labor intelectual nesta convulsa sociedade. Sabemos que disertou en innúmeras conferencias por toda a illa, invitado por prestixiosas institucións, non só en defensa da causa republicana, que non abandonou máis nunca, senón como disertador literario e orador poético; tamén impartiu aulas durante os cursos de verán da *Escuela Libre de La Habana* (Vázquez Matos, 2001), xunto a recoñecidos profesores como os galegos Rubia Barcia, Vázquez Galloso, Luís Tobío ou os españois Gustavo Pittaluga, María Zambrano, etc.; participou en homenaxes a figuras sobranceiras da cultura cubana e hispana en xeral; e, por suposto, asistiu a exposicións artísticas, estreas de espectáculos, entre-

<sup>1</sup> Foi estreada no teatro Barcelona desta cidade o 5 de novembro de 1936.

vistas a persoeiros chegados á illa, e en fin, a todas as actividades culturais significativas, que encheron as páxinas de sociedade das revistas máis importantes da época, como *Carteles* ou *Chic* (das que el, entre outras, foi asemade asiduo colaborador). Como mostra desta boa consideración de quen foi chamado «ilustre poeta y dramaturgo», quixera transcribir unha publicidade aparecida na primeira destas publicacións en 1939:

Nuestra revista incluye con regularidad las secciones de nuestros colaboradores fijos [...] y un selecto florilegio de cuentos y crónicas, estas últimas por figuras de tanto relieve como Carpentier y Lázaro (*Carteles*, nº 38, 17-09-1939: 47).

Prestixio compartido, e amizade, co ben chamado «teórico fundamental do real maravilloso», con quen colaborou en máis dunha ocasión, como demostra este pé de páxina rescatado novamente da revista *Carteles*, en 1940 e que acompaña cadanseus retratos:

Nuestros ilustres compañeros Ángel Lázaro y Alejo Carpentier, que han obtenido un triunfo brillante con la adaptación del Quijote al radio. Lázaro –autor de la idea– se encargó de la parte literaria y Carpentier de la musical (*Carteles*, nº 15, 07-04-1940: 42).

Postos en antecedentes de quen era Ángel Lázaro e de cal foi a súa traxectoria, nomeadamente en Cuba, toda ela en castelán, cómpre facerse a pregunta de por que decidíu, en 1955, publicar un poemario en galego; a resposta dánola el mesmo na «Advertencia» que precede o poemario:

Estos son los primeros versos que escribo en gallego. Intento con ellos dar satisfacción a un íntimo reproche (*Lonxe*, 1957: 7).

E a continuación, nun acto de sinceridade e discreción, engade:

En cuanto al dominio que yo pueda tener de mi habla regional, me vienen algunas dudas. Hay el gallego que se habla en las aldeas; hay el que se habla en las ciudades; y hay el gallego riguroso, académico digamos, que escriben los más ilustres escritores gallegos contemporáneos. Declaro que al componer estos versos, el habla que recordaba era la de los días de mi infancia y mi adolescencia en la aldea y la pequeña ciudad: un gallego tal vez un tanto convencional, pero vivo en mi recuerdo, en la evocación que quieren ser estos breves poemas (*idem.*)

Esta advertencia está datada na Habana, en 1953, dous anos antes da primeira edición en Madrid en 1955, o que significa que este poemario foi escrito durante a súa longa estada en Cuba, e que, ao decidirse a visitar España, levou entre as súas pertenzas, imaxinamos que íntimo e querido como un diario creado devagar, en secreto. En efecto, xa na península, imprimiuno, con boa acollida entre a intelectualidade, como se desprende das cartas incluídas na segunda edición, bilingüe, publicada na Habana en 1957, xa retornado á illa caribeña. Sobre estas dúas cartas, a primeira pertence a don Ramón Otero Pedrayo, quen lle agradece o presente e cualifica o libro como «os poemas ceais máis sinxelamente ourensáns que se teñan escrito» (*Lonxe*: 10). Antonio Rey Soto, na segunda das cartas publicadas, tamén de agradecemento polo exemplar, fala de «mágico regalo». (*Lonxe*: 12)

Avalado por plumas tan insignes, e encabezado pola sinxela dedicatoria

Ao meu pobo de Ourense

A miña aldea de Velle.

Lonxe.

nacen os 31 poemas breves que compoñen o poemario, numerados e sen titular. En todos evoca a súa terra, Galicia, e especialmente Ourense; describe paisaxes, camiños, accións, feitos... da súa lembranza; a través da extremada contención do verso, da aparente sinxeleza sintáctica e a brevidade métrica, consegue encerrar o celme, a esencia toda que levaba gardada nas súas meniñas infantís e na súa maleta de emigrante. Parafraseando ao seu adorado Valle Inclán, a quen, dito sexa de paso, sempre defendeu como galego, «las cosas no son como son, sino como se recuerdan» (Chicharro, 1975: 125); e así, desta volta, cando se trata de lembrar a súa aldea sucede o que moi ben explica José Amor:

El encuentro cordial con la patria y el paisaje se intensifica con el ansia y logro de recuperación de una lengua. El espacio exterior, el interior y el lingüístico se conjuntan y brota la canción (Amor y Vázquez: 222).

O propio Ángel Lázaro no poema XI fai unha «rectificación de erros» reconcíliase coa súa lingua e declara:

Anque sempre che cantéi,  
e sempre estuviches, terra,  
presente n'as miñas cousas  
escritas en'a outra lengoa;

anque toda esta paixaxe  
 d'o corazón que te lembra  
 dichesmo ti, e de lembrarte  
 foi miña rima primeira,  
 nunca coma hastra d'agora  
 ándasme n'o peito, e a testa...  
 ¡Qué traballo dá encontrar  
 Aquelo que está máis cerca!

Efectivamente, este poemario en galego, *Lonxe*, froito serodio da obra de Ángel Lázaro, nacido dun «íntimo reproche» é en realidade un lóxico devir da súa traxectoria, porque el xa era un poeta e un dramaturgo galego desde a súa primeira obra, aínda que fixese en castelán. Voltamos outra volta ás palabras de Amor y Vázquez:

Galicia está presente, implícita o explicitamente en toda su obra: poesía, teatro y hasta ensayos. Es algo inseparable y espontáneo, de palpable autenticidad, sin recurrir a altisonancias bárdicas ni a un morriñismo de segunda mano, y a pesar de obstáculos lingüísticos (Amor y Vázquez, 1997: 224).

Tamén Chicharro abunda neste sentido, chegando a afirmar, tras estudar o seu teatro, que Galicia é para os dramas lazarianos, máis alá dunha casual ambientación ou un simple espazo escénico, «verdadero protagonista, que ha desplazado a la acción» (191), pero esa Galicia, transcende a visión romántica de Rosalía ou Pondal e seguindo a Estévez en referencia a *La hija del tabernero* (Madrid, 1932) preséntanos «una Galicia sin gaitas, sin romerías, sin vaquiñas. La Galicia marinera descarnada y cruda». (Chicharro, 1975: 192).

Se miramos a traxectoria teatral de Ángel Lázaro, se lemos os críticos contemporáneos e posteriores, mesmo se atendemos o autor en autocrítica ou exercendo o seu traballo de «criticar» a outros, descubrimos a coincidencia na resposta: o seu teatro é galego, como a súa poesía, porque parte da realidade cotiá desta terra, da súa idiosincrasia, da súa totalidade como pobo. Aí está Galicia enchendo as obras de sentido, mediante os temas da emigración (*Proa al sol*), do caciquismo (*La hoguera del diablo*), do animismo relixioso e ancestral (*Imagineros*), da muller (*La hija del tabernero*); mediante o escenario, coa igrexa de pedra, o camiño de Santiago, a vendima, a taberna, o barco; e por suposto coa lingua, non dun xeito directo, pois sería absurdo afirmar outra cousa que non sexa que foron escritas en castelán, pero seguindo a explicación de Chicharro, senón a través do lirismo, da cadencia, dos xiros, o léxico, a estrutura sintáctica, a contención verbal, o vocabulario, etc.:

Es el ritmo gallego por excelencia, del mismo modo que La malquerida o Señora ama recogen el lenguaje rítmico del campo de Castilla (Chicharro: 315).

O antedito está referido ao seu teatro; pero o mesmo serviría para falar da súa poesía. Por tanto é devir lóxico que se o lirismo de Ángel Lázaro enraíza directamente con Galicia, coa súa infancia, porque, como el mesmo di, no prólogo á recompilación da obra de Rosalía *Rosalía de Castro. Un autor en un libro* (1966):

Todo poeta está, acaso, en su infancia y su adolescencia. Ese es su archivo milagroso [...]. Toda la vida [el poeta] ha de conservar su infancia, su condición de niño –padre del mundo–, y al morir podrá testar diciendo: «ahí tenéis mi pureza, mi infancia, mi vida. Ved si podéis revivirla en cada uno de vosotros. Ved si he sabido dejarla en cuanto he escrito (Lázaro: 29).

E a súa infancia é Galicia, en galego, a súa alma terá finalmente que expresarse nesta lingua; por iso nace *Lonxe* en galego.

Así e todo, para Ángel Lázaro, a lingua galega, e Galicia, e polo mesmo, o concepto de hispanidade, ten un valor non excluín-te, non acomple-xado, senón abrangunte, xurdido da súa condición –polo demais ben galega– de «indiano», de emigrante, de cidadán do mundo, de hispanoamericano:

En cuanto a la lengua... hay escritores gallegos que prefieren expresarse en el idioma de que hablan 20 millones de pueblos de dos riberas atlánticas. ¿Por que? Porque tampoco la patria que se nombra, al decir España, puede quedar encerrada en la península sino que se extiende por todo el mundo que ella descubrió y a la que se llevó la cultura de occidente, de ese occidente que tiene lugar de peregrinación en Santiago de Compostela. He aquí la grande, la imborrable, la trascendente significación de este Finisterre atlántico y de Santiago, no rabo de Europa sino proa atlántica, no rincón occidental y de la península ibérica, sino meta en un tiempo de las peregrinaciones del mundo con que España completa la otra mitad de la tierra (Lázaro, 1966: 43).

En fin, foi a intención deste traballo reivindicar a figura de Ángel Lázaro como poeta, dramaturgo e xornalista, galego e exiliado. Porque escribiu e publicou un poemario completo na nosa lingua, *Lonxe*; porque toda a súa obra dramática e poética, mesmo a escrita en castelán, está en función de Galicia, e porque así se consideraba el mesmo e así o recoñeceron os seus contemporáneos. Agora sería necesario que os galegos de hoxe o recoñecésemos tamén. É de xustiza.

**REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

Amor y Vázquez, José (1997): «Recuperaciones: Ángel Lázaro en su galleguidad recoleta y desbordante». In B. Fernández Salgado (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Oxford: Universidade de Oxford, 219-228.

*Carteles*, nº 38, 17-09-1939: 47.

*Carteles*, nº 15, 07-04-1940: 42.

Chicharro Chamorro, Dámaso (1977): *El teatro de Ángel Lázaro*. Granada: Universidade de Granada. Granada.

*Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo 19, Laza-Lugri. Madrid, 1974: 4-5.

Lázaro, Ángel (1966): *Rosalía de Castro. Un autor en un libro*. Compañía bibliográfica española. S.A. Madrid, 1966. Semblanza literaria.

Lázaro, Ángel (1958): *Imagineros*. La Habana: Impresores Ucar.

Lázaro, Ángel (1957): *Lejos (Lonxe)*. La Habana: Impresores Ucar.

Lázaro, Ángel (1945): *Retratos familiares*. La Habana: Editorial Prisma.

Vázquez Matos, Dania (2002): «La Escuela Libre de La Habana: vivero de inquietudes y desvelos renovadores». In *Coloquio Internacional sobre la literatura y la cultura del exilio republicano español de 1939*. 4°. San Antonio de Baños, A Habana, 2002.